

SERVIZO DE FESTAS

ÁREA DE SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS  
E  
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO  
DE VIGO



Expediente 10501-335

### INFORME-PROPOSTA

## INICIO DE EXPEDIENTE DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A SELECCIÓN DE PROPOSTAS DE ESPECTÁCULOS ARTÍSTICOS PARA A CABALGATA DOS REIS MAGOS 2026

### ANTECEDENTES DE FEITO

O servizo de Festas da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal ten previsto entre as súas actividades de carácter sociocultural a organización da "Cabalgata de Reis 2026", que se vai celebrar na nosa cidade o día 5 de xaneiro de 2026. A Cabalgata prevé a organización dunha cabalgata estática en horario de mañá e dun desfile en horario de tarde ambos compostos por unha comitiva de carrozas nas que estarán as persoas que representas aos Reis Magos, Paxes e Carteiro/a Real, así como outras nas que participan diversas empresas patrocinadoras. Para animar a cabalgata estática e para acompañar á comitiva de carrozas durante o desfile é necesario contratar animacións.

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Primeiro.-** A Constitución Española no seu artigo 44.1 establece que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todos teñen dereito. Os municipios teñen competencia para promover e realizar actividades culturais, de conformidade co previsto nos artigos 25.1. e 25.2.m da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.

**Segundo.-** A concellaría de Festas ten atribuída as competencias de:

1. A xestión do Auditorio ao aire libre de Castrelos en relación á programación municipal que nel se desenvolva.
2. Planificación e xestión do Programa anual de concertos na cidade de Vigo.
3. Xestión do Programa do Entroido.
4. Planificación e xestión do Programa da Cabalgata dos Reis Magos.

Polo tanto, o servizo de Festas da área de goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal, é o que ten encomendado entre as súas funcións, a "*Planificación e xestión do Programa da Cabalgata dos Reis Magos*". A Cabalgata se celebrará o día 5 de xaneiro de 2026. Para animar a cabalgata estática e para acompañar á comitiva de carrozas durante o desfile da cabalgata dinámica é necesario contratar espectáculos artísticos, que aumenten o atractivo visual da cabalgata, contribuíndo a que o evento



sexa máis interactivo e atractivo para todas as idades, especialmente para os nenos. Isto contribúe a unha maior satisfacción do público, creando un ambiente máxico arredor do desfile.

**Terceiro.-** Para seleccionar as propostas artísticas de espectáculos para a cabalgata de Reis 2026, que garantan a diversidade de actuacións para facer máis amena e atractiva a cabalgata no seu conxunto é aconsellable a realización dunha previa convocatoria pública que garantiría a concorrência dos potenciais licitadores. Deste xeito, facilítase que todas as empresas do sector poidan presentar propostas e optar a celebración dos posteriores contratos para as concretas actuacións artísticas de que se trate.

**Cuarto.-** O gasto correspondente a este expediente podería imputarse á aplicación 3380.226.0901 (Cabalgata de Reis) do programa orzamentario de 2026.

**Quinto.-** A competencia para o inicio do expediente correspóndelle á concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal en virtude do Decreto de delegación da Alcaldía do 20 de xuño de 2023 e 28 de xuño de 2024 e do acordo da Xunta de Goberno Local de 28 de xuño de 2024, polo que se aproba o texto consolidado de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros delegados da Área de Goberno.

## PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

**1º.- Iniciar o expediente administrativo para a convocatoria pública para a selección de propostas artísticas de animacións para a CABALGATA DOS REIS MAGOS 2026.**

**2º.- Aprobar as bases da convocatoria pública incluídas no Anexo.**

**3º.- Publicar a convocatoria no perfil de contratante do Concello de Vigo aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público.**

**4º.- Abrir o prazo de presentación de propostas unha vez publicada a convocatoria".**

amg/

A xefa do Servizo de Festas  
(sinatura dixital)

A secretaria de Administración Municipal  
(sinatura dixital)

## DECRETO

Vista a precedente proposta, **RESOLVO** de conformidade.

A concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal.- Patricia Rodríguez Calviño

Dou fe, a Secretaria do Goberno Local.- Susana Gallardo Fariña



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |               |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 29/09/2025 12:31           | Páxina 2 de 4 |
| 10501-335                                                                                                                                                                                        | CSV: A6AE85-D947A9-5B4HD8-A1EGGF-BEFKCG-FD |               |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |               |

# BASES DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A SELECCIÓN DE PROPOSTAS DE ESPECTÁCULOS ARTÍSTICOS PARA A CABALGATA DOS REIS MAGOS 2026

## 1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

Esta convocatoria ten por obxecto a selección de propostas artísticas e espectáculos para a cabalgata de reis 2026, tanto para a cabalgata estática, como para o desfile da dinámica. A cabalgata se celebrará o día 5 de xaneiro.

A participación efectuarase en réxime de concorrencia competitiva, de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como os de eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados e de eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

## 2.- CARACTERÍSTICAS DAS PROPOSTAS ARTÍSTICAS E ESPECTÁCULOS

Os espectáculos ou actuacións artísticas terán as seguintes características:

- Desenvolveranse durante tres horas na cabalgata estática e no desfile da cabalgata dinámica.
- Serán conformes á temática "MAXIA E FANTASÍA".
- As propostas deberán ser acordes ao público ao que van dirixidas, fundamentalmente público infantil e familiar.
- No deseño dos elementos que compoñen a proposta artística primará a seguridade, evitando estruturas e elementos que poidan menoscabar a mesma.
- Se incorporan efectos lumínicos que realcen a proposta a iluminación estará composta de lámpadas LED de baixo consumo homologadas.
- Se incorporan elementos móbiles deberán ter batería con autonomía suficiente para cubrir toda a duración do desfile.
- Poderán contar con música.
- Terán unha composición mínima de 15 persoas, que deberán ir caracterizadas e vestidas acorde coa citada temática. Non está permitido que nas animacións participen menores de idade.
- Deberán contar cun responsable que coordine aos participante entre sí e co resto das actuacións participantes na cabalgata. Deberá comunicar ao responsable do servizo de Festas calquera incidencia que poida ocorrer durante o evento.
- Terán que cumprir coa normativa vixente en materia de seguridade e prevención de riscos laborais.
- Non poderán superar o importe de 15.000 € .

## 3.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS PROPOSTAS

O prazo de presentación das propostas será de 15 días naturais, a contar dende o seguinte á publicación da convocatoria no perfil de contratante do Concello de Vigo, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público.

## 4.- FORMA DE PRESENTACIÓN DE PROPOSTAS

As **propostas** presentaranse nun único arquivo co seguinte **contido**:

- Denominación da compañía/artista e do espectáculo.



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |               |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 29/09/2025 12:31           | Páxina 3 de 4 |
| 10501-335                                                                                                                                                                                        | CSV: A6AE85-D947A9-5B4HD8-A1EGGF-BEFKCG-FD |               |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |               |

- Datos de contacto: persoa, enderezo electrónico e teléfono/s.
- Datos do representante legal no caso de contratación: denominación fiscal, CIF/NIF, enderezo, enderezo electrónico e teléfono/s.
- Descrición do espectáculo, con fotografías, bosquexos e vídeos, se fora posible ou un link para visualizalo en internet.
- Orzamento.

As propostas deberán presentarse exclusivamente a través do Rexistro electrónico do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>), indicando no asunto propostas para a cabalgata de reis 2026.

## 5.- CRITERIOS DE SELECCIÓN

Os criterios de selección das propostas artísticas ou espectáculos serán os seguintes:

- a) Adaptación á temática da cabalgata "MAXIA E FANTASÍA" dos elementos que a compoñen e da caracterización e vestuario dos seus compoñentes, de modo que sexan facilmente identificables polo público infantil dentro da temática proposta.
- b) Estética coidada e axeitada ás idades do público infantil e familiar ao que vai destinada.
- c) O número de animadores.
- d) A utilización de elementos móbiles ou efectos lumínicos.
- e) Creatividade, composición, orixinalidade e innovación da proposta. Valorarase o colorido e a calidade artística dos elementos que a conforman, xa que as propostas deberán ser atractivas visualmente.

## 6.- VALORACIÓN DAS PROPOSTAS

Rematado o prazo de presentación de propostas procederase a selección das mesmas por unha comisión de valoración formada pola Concelleira da área de goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal e o Persoal técnico da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal.

A Concelleira da área de goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal aprobará a selección de propostas e procederase a súa publicación no perfil do contratante e notificarase aos seleccionados.

Para a súa posterior contratación, tramitaranse os correspondentes expedientes administrativos polo procedemento de gasto menor.

## 7.- RESOLUCIÓN

O Concello de Vigo publicará no perfil do contratante, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público, a resolución aprobatoria das propostas seleccionadas no prazo máximo de 20 días hábiles a contar dende o día seguinte á finalización do prazo de presentación de propostas.

A continuación, o Concello de Vigo iniciará os expedientes de contratación cos espectáculos aprobados polo procedemento de contrato menor previsto no artigo 118.



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |               |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 29/09/2025 12:31           | Páxina 4 de 4 |
| 10501-335                                                                                                                                                                                        | CSV: A6AE85-D947A9-5B4HD8-A1EGGF-BEFKCG-FD |               |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |               |